XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

PREGUNTAS FRECUENTES

Convocatoria de axudas para o inicio de estudos universitarios no curso 2017-18 nas universidades do Sistema universitario de Galicia

▸ RELATIVAS Á CONVOCATORIA

1. Quen pode solicitala?

O alumnado que inicie estudos universitarios conducentes á obtención dun título oficial de grao no curso 2017-18 no Sistema universitario de Galicia e acredite unha cualificación na proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) ou noutras ensinanzas que lle permita o acceso cunha nota media igual ou superior a 5 puntos e inferior a 5,5 puntos, excluíndo a cualificación da parte voluntaria.

2. Onde está publicada a convocatoria e as súas bases?

Está publicada no Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) número 190 do 5 de outubro de 2017 e corresponde á Orde do 19 de setembro.

Podes consultala na seguinte ligazón http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23291

3. Cal é o prazo de presentación de solicitudes?

Desde o 6 de outubro ata o 6 de novembro de 2017, ambos inclusive

4. Cal é a súa contía?

- Máximo de 862,90 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura e grao en Belas Artes.

- Máximo de 618,10 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas.

A axuda só alcanzará os créditos dunha única titulación e especialidade.

5. Que requisitos debo cumprir?

a) Acreditar unha cualificación na proba de avaliación de bacaharelato para o acceso á universidade (ABAU) ou noutras ensinanzas que lle permita o acceso cunha nota media igual ou superior a 5 puntos e inferior a 5,5 puntos, excluíndo a cualificación da parte voluntaria.

b) Posuír a nacionalidade española, ou doutro país da Unión Europea ou de terceiros países, cando se acredite a condición de residente en España, quedando excluídos os que se atopen en situación de estadía.

c) Estar matriculado por primeira vez en primeiro curso nunha universidade do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2017-18, dun mínimo de 60 créditos en ensinanzas conducentes á obtención dun título oficial de grao.

d) Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os cales solicita a axuda.

e) Non estar incluídos/as nos casos de exención total de matrícula previstos no artigo 12 do Decreto 65/2017, do 6 de xullo (DOG nº 134, do 14 de xullo de 2017), polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do SUG para o curso académico 2017/18.

f) Que a renda da unidade familiar non supere os seguintes limiares:

− Familias de 1 membro: 14.112 euros.

− Familias de 2 membros: 24.089 euros.

− Familias de 3 membros: 32.697 euros.

− Familias de 4 membros: 38.831 euros.

− Familias de 5 membros: 43.402 euros.

− Familias de 6 membros: 46.853 euros.

− Familias de 7 membros: 50.267 euros.

− Familias de 8 membros: 53.665 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.391 euros por cada novo membro computable da familia.

g) Non ter recibido esta axuda en convocatorias anteriores.

6. Como alumno/a dun centro asociado da UNED en Galicia, podo solicitar esta axuda?

Non, o alumnado da UNED non é obxecto desta convocatoria.

7. Como solicito a axuda?

Presentarás a solicitude por medios electrónicos a través do formulario formalizado normalizado ED441C dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.es/portada.

Non se aceptan solicitudes enviadas por fax ou correo electrónico



8. Cales son as fases do procedemento ED441C?

FASES DO PROCEDEMENTO	
1º Fase: presentación de solicitudes	- Tes ata o día **6 de novembro de 2017** para presentar o formulario de solicitude (anexo I, ED441C) e a documentación. - Se presentas a solicitude fóra dese prazo non poderás optar á axuda.
2º Fase: prazo de emenda de erros e documentación.	- Publicación da listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas por documentación. (http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23291) - Na listaxe de solicitudes excluídas sinalaranse os motivos de exclusión. - Tes 10 días para subsanar erros e presentar a documentación que che falte. - Si deixas pasar eses 10 días sen facelo entenderase que desistes da túa solicitude.
3º Fase: selección comisión avaliadora.	- A selección das solicitudes que cumpran os requisitos da convocatoria a realizará a comisión avaliadora. - A comisión ordenará as solicitudes en función da **renda familiar** establecida no artigo 3.f). Terán prioridade as solicitudes que teñan a menor renda per cápita, empezando polas rendas máis baixas, de acordo coa renda individual familiar resultante de dividir a renda da unidade familiar entre o número de membros. - A comisión fará a proposta de resolución e a elevará ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que resolva. - Na proposta de resolución incluirase a listaxe de beneficiarios/as e de solicitudes denegadas.
4º Fase: publicación DOG e pagamento	- A resolución publicarase no DOG e no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23291) - O pagamento realizarase na conta bancaria que indicaches na túa solicitude.
5º Fase: recursos	Contra esa resolución pódese interpoñer **recurso potestativo de reposición** ante o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir da publicación da resolución no DOG ou **recurso contencioso-administrativo** ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses.

9. Onde podo informarme?

Tipos de consulta	Enderezos e teléfonos
Relacionada coa convocatoria	orientacion.sug@edu.xunta.es
Telefónica	981 545 431/ 981 545 433
Presencial	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Secretaría Xeral de Universidades Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña.
Relacionada coas dificultades técnicas ou co proceso de obtención dos formularios.	012 (teléfono de información) 012@xunta.gal

10. Que documentación necesito aportar?

Xunto coa solicitude (anexo I, modelo normalizado ED 441C) dispoñible en https://sede.xunta.es/portada deberás achegar:

a) Certificación dos estudos que permitan o acceso á universidade ou a tarxeta da ABAU que inclúan a nota media.

b) Documento acreditativo de matrícula na universidade no que deberá figurar o importe da matrícula, as materias e o número de créditos nos que está matriculado/a no curso 2017-18.

c) Cando a persoa solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, deberá de presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en aluguer e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos.

d) Anexo II de comprobación de datos de terceras persoas interesadas para a consulta de datos dos membros da unidade familiar distintos da persoa solicitante.

11. Que documentación presento se me opoño á consulta dos datos que requiren o meu consentimento por parte da administración?

Xunto coa documentación anterior deberás achegar:

1. Copia do DNI ou do NIE da persoa solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de idade.

2. Certificado de residencia da persoa solicitante e de todos os membros computables da unidade familiar con data de efectos 31 **de decembro de 2016.**

3. Certificado de renda da persoa solicitante e de todos os membros computables da unidade familiar relativo ao exercicio fiscal 2016.

4. Autorización da estadía ou residencia legal cando a persoa solicitante sexa extracomunitaria.

12. Son incompatibles estas axudas con calquera outra para o mesmo fin?

Si, son incompatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que a conceda.

▸ PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE (PROCEDEMENTO ED 441C)

Recoméndase utilizar Internet Explorer

Accedes á sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.gal/portada

Buscas no enlace de acceso directo no apartado de Guía de procedementos e servizos o formulario de solicitude ED 441C operativo ata o día 6 de novembro de 2017.



Inicias a presentación electrónica na sede



Para a presentación tes que utilizar unha destas vías:

Sistema CHAVE 365	https://sede.xunta.gal/chave365
Certificado dixital	http://www.xunta.gal/certificado-e-sinatura-dixitais



Coa CHAVE 365 debes introducir o NIF e a clave. Se aínda non tes a Chave 365, para a súa solicitude, é necesario que a persoa interesada acuda persoalmente a algún dos órganos ou unidades administrativas que realizan as funcións de rexistro de usuarios da Chave 365.

Podes solicitala nas oficinas que se indican na seguinte ligazón http://www.xunta.gal/chave365/solicitude

Se non dispós do certificado dixital nin da CHAVE 365 podes nomear un representante para que presente a túa solicitude. O representante deberá acceder ao formulario de solicitude co seu certificado dixital ou coa súa CHAVE 365. Cubrirá os campos do formulario e o apartado NA SÚA REPRESENTACIÓN. Do mesmo xeito, achegará como documento unha autorización ou poder para actuar como representante. (Información na páxina 13).

No momento que accedes a un dos dous sistemas (CHAVE 365 ou certificado dixital) segue os seguintes pasos:

Completas os apartados do formulario correspondente á solicitude ED441C.


SEDE ELECTRÓNICA
XUNTA DE GALICIA
Continuar
Gardar
Cancelar
PROCEDEMENTO
AXUDAS PARA O INICIO DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO
ED441C
DOCUMENTO
SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE
NOME
PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO
NIF
TIPO DE VÍA
NOME DA VÍA
NÚMERO
BLOQUE
ANDAR
PORTA
PARROQUIA
LUGAR
CP
PROVINCIA
CONCELLO
LOCALIDADE
TELÉFONO
TELÉFONO MÓBIL
CORREO ELECTRÓNICO
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)
DATOS BANCARIOS
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.
TITULAR DA CONTA
NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN
DATOS ACADÉMICOS
TITULACIÓN UNIVERSITARIA
UNIVERSIDADE
UDC
USC
UVIGO
CAMPUS
NÚMERO DE CRÉDITOS MATRICULADOS
CUALIFICACIÓN ABAU (SEN A PARTE VOLUNTARIA)
CUALIFICACIÓN DOUTRAS ENSINANZAS QUE LLE PERMITAN O ACCESO
IMPORTE DA MATRÍCULA
NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLÚÍDA A PERSOA SOLICITANTE


ORGANISMOS
ESTADO
IMPORTE (€)
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
Certificación de acceso á universidade (certificación dos estudos que permitan o acceso ou tarxeta ABAU)
Copia do xustificante de matrícula (debe figurar o importe da matrícula, as materias e o nº de créditos matriculados)
Documentación acreditativa da independencia familiar e económica, se procede
Anexo II para a comprobación de datos dos membros da unidade familiar distintos da persoa solicitante
COMPROBACIÓN DE DATOS
OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante
Certificado de residencia da persoa solicitante
Certificado da renda da persoa solicitante
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN
Autorización de estancia ou residencia no caso de que a persoa solicitante sexa extracomunitaria
LEXISLACIÓN APLICABLE
Secretaría Xeral de Universidades
Continuar
Gardar
Cancelar

Unha vez cuberto picas en gardar. Comprobas que todos os teus datos están correctos e picas en presentar. Aparecerache a seguinte pantalla.



Nela podes agregar a documentación solicitada ou ben calquera outra que consideres. Para isto, debes picar nos botóns de anexar.

Importante, <u>non deberás achegar a documentación que será obxecto de consulta automatizada, sempre que non denegues a súa comprobación pola Xunta de Galicia.</u>

Unha vez rematado o proceso picas en gardar e continuar. Aparecerache a seguinte pregunta.



Picas en aceptar e logo comprobarás na seguinte pantalla no enlace VER se a solicitude está cuberta correctamente. Se é así, picas en ASINAR E ENVIAR.



Neste intre, **se cubriches a solicitude coa CHAVE 365** váiseche solicitar unha clave que vas recibir no teléfono móbil que indicaches no momento de solicitala.

Se cubriches a solicitude con DNIe ou cun certificado electrónico aparecerache a aceptación para a autofirma.



Unha vez que asines dixitalmente, xerarase un código, que será o comprobante de que a túa solicitude foi presentada con éxito.

Se fas *clic* no "xustificante de entrega" poderás consultar e imprimir a listaxe de documentos presentados.



XUNTA DE GALICIA

RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Axudas para o inicio de estudos universitarios nas universidades do sistema universitario de Galicia presentada por [redacted] tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN	DESTINO
2017/[redacted]		SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo
Solicitude.	Solicitude-ED441C[redacted]	

► FORMULARIO DE SOLICITUDE ED 441C

APARTADO "*NA SÚA REPRESENTACIÓN*"

Esta epígrafe só se cobre se a solicitude é cuberta e asinada por outra persoa na túa ausencia e no teu nome. **Recorda que o representante deberá acceder ao formulario de solicitude co seu certificado dixital ou coa CHAVE 365.**



TELEFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

Neste caso, haberá que achegar un documento que acredite a representación. A Xunta de Galicia pon a disposición das persoas interesadas un modelo de representación dispoñible en https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados. Este modelo non é de uso obrigatorio.



O modelo de representación facilitado pola Xunta de Galicia deberase **asinar polas dúas partes.**



Unha vez asinado escanearase e anexarase en **"outros"** na pantalla de "Anexado de documentación para a presentación no rexistro electrónico".



APARTADO "*A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA*"

Debes cubrir este apartado tanto no caso de non ter solicitada ningunha outra axuda para este mesmo proxecto como se solicitaches ou se che concedeu outro tipo de bolsa para a mesma finalidade.



APARTADO *"COMPROBACIÓN DE DATOS"*

As comprobacións automáticas realizaranse só no caso de que non se denegue a súa consulta.

Se autorizas non tes que marcar o cadro porque ven marcado *por defecto* na solicitude.

Só deberás presentar a documentación correspondente no caso de que denegues a comprobación automatizada.



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
☑ DNI ou NIE da persoa solicitante	☐
☑ Certificado de residencia da persoa solicitante	☐
☑ Certificado da renda da persoa solicitante	☐
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
☐ Autorización de estancia ou residencia no caso de que a persoa solicitante sexa extracomunitaria	☐

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxu@edu.xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 19 de setembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas para o inicio de estudos universitarios no curso académico 2017/18 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

ANEXO II "*COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS"*

Debes imprimir o anexo II no seguinte enlace https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED441C&ano=2017&numpub=1&lang=gl



Se os membros da unidade familiar autorizan a comprobación dos datos solicitados non deben marcar o cadro correspondente. Se todos ou algún membro da unidade familiar opóñense á consulta indicarano no cadro correspondente e achegarán unha copia dos documentos relativos.



multimedia.xunta.gal/sede/Procedementos/ED/ED441C/ED441C_AnexoII_gl_6_0.pdf

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS
ED441C - AXUDAS PARA O INICIO DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS NO CURSO ACADÉMICO 2017/18 NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos relativos.

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.

			TITOR/A OU REPPRESENTANTE LEGAL		DNI ou NIE	CERTIFICADO DE RESIDENCIA	CERTIFICADO DA RENDA	
APELIDOS E NOME	NIF	MENOR DE IDADE	APELIDOS E NOME	NIF	OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	SINATURA
		☐			☐	☐	☐	
		☐			☐	☐	☐	
		☐			☐	☐	☐	
		☐			☐	☐	☐	
		☐			☐	☐	☐	
		☐			☐	☐	☐	
		☐			☐	☐	☐	
		☐			☐	☐	☐	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxu@edu.xunta.es

Lugar e data
, de de

galicia

► EMENDA DE ERROS E DOCUMENTOS

No momento en que se publica a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas por documentación sinalaranse, nesta última, os motivos de exclusión.

Se o teu nome aparece na listaxe de excluídos ou non figura en algunha das listaxes (admitidos e excluídos) e presentaches a solicitude no prazo legalmente establecido (**do 6 de outubro ao 6 de novembro, ambos inclusive**) terás 10 días para emendar erros e presentar a documentación que che falte. Se deixas pasar eses 10 días sen facelo entenderase que desistes da túa petición.

Presentación de documentación

Recoméndase utilizar Internet Explorer

Accedes á sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.gal/portada e inicias a presentación electrónica a través da *carpeta do cidadán*. **Se a solicitude foi cuberta e asinada por outra persoa no teu nome, será o representante o que inicie o citado trámite.**



Na carpeta do cidadán vas a "**últimos expedientes**" e fas clic no procedemento ED441C.



Logo fas clic no apartado **Accións** no modelo "**Subsanación ou requirimento".**



Cobres os campos do formulario e indicas a documentación que achegas. Picas en gardar e presentar.



Anexas a documentación que se che solicita e continuas cos pasos previstos ata rematar a presentación electrónica na sede.

► PROCEDEMENTO, CÓDIGO E UNIDADE RESPONSABLE

PROCEDEMENTO	**Axudas para o inicio de estudos universitarios no curso 2017-18 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.**
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	ED441C
UNIDADE RESPONSABLE	Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.